



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Outeiro de Rei para a execución do proxecto denominado Ampliación de nave para xestión das actuacións de mantemento ambiental e emerxencias

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Outeiro de Rei un convenio para a execución do proxecto denominado Ampliación de nave para xestión das actuacións de mantemento ambiental e emerxencias.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a





parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 17 de decembro de 2018 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Outeiro de Rei o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2019.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Outeiro de Rei para a execución do proxecto denominado Ampliación de nave para xestión das actuacións de mantemento ambiental e emerxencias.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Outeiro de Rei manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Ampliación de nave para xestión das actuacións de mantemento ambiental e emerxencias, que ten como obxecto as obras de ampliación dunha nave que acolla o persoal e os medios materiais e técnicos para levar a cabo as funcións de protección do ambiente, a xestión coidado e mellora dos espazos naturais e a protección contra incendios.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopan as instalacións que na actualidade albergan a maquinaria e materiais ao servizo dos espazos naturais e a prevención de incendios, que xa non contan con espazo suficiente. Isto obriga a depositar gran parte deste equipamento no exterior, propiciando o seu deterioro e a consecuente perda económica difícil de afrontar para un concello pequeno no que os recursos sempre son escasos.

Por outra banda, os traballadores destinados a estes labores non contan con un lugar no que permanecer á espera da súa entrada en acción ou onde poderen formarse nin dispoñen na actualidade dos vestiarios axeitados que lles permitan equiparse para afrontar as situacións de emerxencia. Xa que logo, resulta inaprazable construír un local apropiado, se ben o elevado investimento non pode ser afrontado unicamente con medios propios sen deixar desatendida algunha outra das necesidades ordinarias que o concello debe cubrir no seu termo municipal, ao que se unen a minguada capacidade do concello para afrontar proxectos como o que constitúe o obxecto deste convenio por mor da asignación de fondos municipais extraordinarios para cubrir reparacións urxentes no viario municipal seriamente deteriorado coas que restablecer o acceso da veciñanza ás súas vivendas.





A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Outeiro de Rei de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Outeiro de Rei.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 75,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 160.000,00 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

